Asociación de persoas con discapacidade AMIZADE Comarca de PONTEVEDRA

O Boletín

Nº43 Setembro de 2021

Ondiñas veñen e vaaaaaan!!!

A quinta onda foi a que condicionou as posibles actividades a realizar durante o verán, volveu a incrementar a hospitalizacións e as mortes e recordounos que aínda queda tempo ata que todo isto se solucione.

Contidos:

- Novas.
- Información.
- Enfermidades Inflamatorias Intestinais
- Vidas con Capacidade

Pero o peor de todo é que volveu a constatarse que as persoas con discapacidade non foron ben atendidas durante os últimos meses. A estratexia de vacinación por tramos de idade produciu situacións nas que se vacinou a persoas de 40 ou 50 anos meses antes que a persoas con discapacidade con patoloxías que obxectivamente estaba demostrado que incrementaban a gravidade das consecuencias de contaxiarse co virus.

Fálase agora da posible necesidade de ter que recibir unha terceira dose da vacina para "colectivos vulnerables". Agardamos que nesta ocasión si se teñan en conta as características de moitas discapacidades que conlevan insuficiencia respiratoria e que son claramente vulnerables diante dun posible contaxio.

Serán razoables as autoridades desta vez?

Asamblea Xeral de Socios/as

O 5 de Xuño as 11:30 horas da mañá, levouse a cabo a Asamblea Ordinaria de Socios/as da entidade.

Este ano tratouse de facilitar o acceso á reunión a todos/as os/as socios/as, celebrándoa simultaneamente de maneira presencial e online. Así, algunhas socias puideron seguila desde a casa e aquelas outras que por falta de medios tecnolóxicos non puideron conectarse á Asamblea, tiveron un espazo habilitado no local social de Amizade, contando coas medidas de seguridade tanto na entrada ao centro como respecto ao espazo interpersoal mínimo durante a celebración da reunión.

Na reunión fíxose un repaso da memoria de actividades levadas a cabo o ano anterior, en 2020, así como da memoria económica dese mesmo ano.

Trala presentación de ambos informes, que se aproban de xeito unánime, procedeuse á presentación das actividades que se pretenden desenvolver durante o ano 2021 así como do orzamento previsto para ano. Finalmente abriuse un espazo para as suxestións que as socias quixeran expresar.

Colaboracións económicas

Adicamos este pequeno espazo para agradecer un ano máis a aquelas entidades públicas e privadas colaboradoras, grazas ás cales Amizade pode continuar ofrecendo diversas actividades e servizos.

Entidades privadas:

A Obra Social de La Caixa ou empresas como Supermercados Froiz, Acceda Ortopedia, Autocares Rías Baixas, Panaderías Acuña ou Krack Zapaterías contribúen a cofinanciar servizos e actividades importantes para a entidade.

Entidades públicas:

Igualmente de importantes son os organismos públicos que seguen a colaborar coa entidade financiando diversas actividades como o obradoiro de ocio, servizo de fisioterapia, ximnasio adaptado, persoal de xestión e coordinación, etc. Estes son o Concello de Pontevedra, o Concello de Poio, a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra.

Roteiro Cultural no casco histórico de Pontevedra

Durante a mañá do sábado 12 de Xuño, dous pequenos grupos de persoas socias de Amizade aventuráronse a coñecer a historia de Benito Soto, pirata pontevedrés nado no barrio denominado como "A moureira" no ano 1805.

Este pirata foi afamado por ser o máis violento e sanguinario e o último pirata coñecido do Atlántico.

Así pois, fumos percorrendo a zona antiga de Pontevedra, parando nos lugares máis emblemáticos mentres coñecíamos os misterios e historias que esconde a cidade.

A actividade foi considerada de importancia por unha banda polo interese do descubrimento do propio patrimonio, e por outra, por tratarse dunha actividade de ocio accesible na contorna e aberta ao público xeral.

Despois de contactar con Brúxula servizos turísticos reformulouse o percorrido para que puidese ser disfrutado por todos/as así como ter en conta a accesibilidade cognitiva.

Obradoiro de ocio en modalidade online

Debido ás restriccións existentes en Pontevedra, xunto coa falta de vacinación da maioría dos/as integrantes do obradoiro de ocio, Amizade ofreceu unha alternativa á actividade presencial que se levaba a cabo anteriormente.

Desde o mes de Abril ata Xuño tivo lugar o obradoiro de ocio online, no que as persoas participantes decidían previamente a temática das sesións que se ían impartindo cada mes.

Entre as actividades que se ofertaban atopábanse: manualidades, papiroflexia, fotografía, mindfulness, creatividade musical, dinámicas de grupo, cineforum ou ioga.

As actividades eran impartidas por persoas formadas en cada ámbito concreto, a través da empresa de formación e xestión sociocultural Anias.



Desde Amizade queremos agradecer a colaboración do IES Luis Seoane, o cal permitiu a utilización das súas instalacións e dos medios informáticos precisos a aquelas persoas que non dispoñían dos mesmos, garantindo así a accesibilidade tecnolóxica.

Nova ley de incapacitación xudicial

A Ley 8/2021 do 2 de Xuño que pon fin ás incapacitacións xudiciais, foi aprobada polo Congreso dos Diputados o 20 de Maio como proxecto de lei.

Foi publicada no BOE o día 3 de Xuño e entrará en vigor o 3 de Setembro. A partires dese momento, en **España estará prohibida a incapacitación xudicial.**

Esta reforma é impulsada e alentada polo CERMI, Plena inclusión e AEFT, por considerar que ata agora a ley vixente tratábase dun modelo de sustitución da persoa con restriccións de dereitos e establece un novo orientado a ofrecer os apoios precisos para as persoas con discapacidade que poidan necesitalos para a mellora da toma das decisións persoais e patrimoniais.

Dende diferentes centros e asociacións celebran esta nova lexislación que consideran que elimina unha discriminación histórica de cara a milleiros de persoas con discapacidade intelectual que ata agora eran tratadas a nivel lexislativo como menores de idade, negándolles a posibilidade de exercer dereitos tan básicos como firmar un contrato, ter tarxeta bancaria, outorgar testamentos, entre outras.

Deste modo desaparece do ordenamento xurídico español figuras como a incapacitación xurídica e a patria potestade prorrogada para as persoas con discapacidade.

Consecuencias da COVID en persoas con discapacidade

Recentemente se publicou un estudo sobre o impacto da pandemia Covid-19 elaborada pola Dirección Xeral de Dereitos das persoas con Discapacidade do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030.

Neste estudo se analizan as consecuencias en canto a educación, saúde, emprego, etc que produciu a crisis sanitaria na poboación con discapacidade sacando os datos de máis de 4.300 entrevistas realizadas a persoas con discapacidade e ás súas familias.

Como datos máis relevantes podemos nomear os seguintes.

En canto á **educación** o 16% do alumnado entrevistado non tiña ordenador ou non podía usalo e o 8,4% non dispoñía de Internet, ao 27,6% dos participantes foille bastante difícil a educación durante a pandemia e ao 4,3% afirma que lle foi imposible seguir o curso.

En canto a **saúde física e mental:** o 49,9% dos/as entrevistados/as asegura que as consultas médicas que tiñan non foron realizadas, o 65% destaca un empeoramento na súa saude física e mental por falta dos servizos que necesitaban, o 62,3% necesitou atención sanitaria e o 70,1% de estos considera que a atención foi peor ou moito peor que a recibida anteriormente.

Enfermidades Inflamatorias Intestinais: Colitis ulcerosa e Crohn

Existen moitas enfermedades inflamatorias intestinais. Imos destacar as máis comúns que son: colitis ulcerosa e enfermidade de Crohn.



A Colitis Ulcerosa é un tipo de enfermidade pola cal a pel interior do intestino groso e colon se inflama.

Os **síntomas** son parecidos aos da gastroenteritis. Destacan: cansanzo, falta de apetito, adelgazamento, incontinencia fecal, diarrea, dor abdominal, entre outras.

Tanto a colitis ulcerosa como a enfermidade de Crohn pode afectar a ollos, pel, fígado, articulacións e ósos.

A **evolución** da enfermidade soe distinguirse por períodos de actividade (brotes) intercalados con fases asintomáticas (remisión). Aínda que hai persoas que a presentan de forma crónica con síntomas continuos de máis de 6 meses.

Para o **diagnóstico** das enfermedades inflamatorias intestinais normalmente se realizan análisis (de sangre, ouriños ou feces), probas de imaxe (como TAC, resonancia, ecografía...) e/ou probas endoscópicas con biopsia (como colonoscopia, gastroscopia, enteroscopia, entre outros).

A enfermidade de Crohn é outro exemplo de enfermedades inflamatorias intestinais.



Á contra da colitis ulcerosa, non só **afecta** á mucosa do colon e intestino groso senón que afecta a toda a parede do intestino donde queira que se produza.

Os **síntomas** son moi variables, xa que depende en qué zona do intestino se encontra a inflamación. Algúns destes síntomas poden ser: diarrea, dor abdominal, perda de peso, falta de apetito, dores articulares, lesións na pel, vómitos, etc.

Esta afección se presenta cando o sistema inmunitario do corpo ataca e destrue o texido corporal san.

As **causas** da enfermidade de Crohn e colitis ulcerosa se descoñecen aínda.

Entre os factores de risco que se indican están:

-Antecedentes familiares

-Factores ambientais

Entrevistas en Amizade en prol da educación inclusiva

Dende as Redes Sociais de Amizade, lanzamos varias entrevistas de socios/as da entidade nas cales se fai un percorrido pola traxectoria educativa de cada un/unha, coñecendo os apoios educativos ofertados no seu momento, as dificultades atopadas, etc.

O obxectivo é a reivindicación, a conciencia da importancia da educación inclusiva, na cal non só é importante garantir a accesibilidade física a toda a comunidade educativa senón tamén garantir a participación na vida social entre iguais.

Destacamos aportacións como as de Sandra: “recordo a excursión ás Dunas de Corrubedo, a miña compañeira que utilizaba cadeira de rodas non puido ir connosco”, as de Jessica: “Os/as profesores/as copiaban no encerado os apuntes, polo cal eu tiña que depender dun compañeiro/a que me quixera ceder os seus debido as miñas dificultades de mobilidade nas mans” ou os de Gabriel: “unha das causas do meu agobio era ter que empregar as tardes entre sesións de fisioterapia e adicarlle tempo os deberes de todas as materias”.

Antes de comezar co novo curso escolar, convén revisar estes aspectos nos cales os/as beneficiados/as serán todas as persoas que integran o centro escolar.

Mercedes López Pérez

Mercedes nace en Jaen (España). É a primeira persoa con parálise cerebral en acadar un doctorado na comunidade de Andalucía.

Logra un sobresaliente pola súa tesis "Un dereito humano para a vida independente" na Universidade de Jaén.

Na súa tesis analiza a Lei de Dependencia comparándoa a nivel Europeo e estatal, para indagar sobre a aplicación da asistencia persoal dentro desta lei. A súa tesis ten unha parte reivindicativa xa que destaca que "na comunidade andaluza só 10 persoas obteñen este apoio, sendo unha cifra mínima en comparación co resto de comunidades".

Mercedes comeza a estudar no ano 2004 Ciencias do Traballo e posteriormente, Traballo Social e o Máster de Dependencia da Universidade de Jaén.

No 2016 comeza a súa andaina profesional na Asociación para a atención das persoas con discapacidade física e orgánica (ASPRAMIF) como traballadora social da entidade.

Actualmente aspira a exercer a docencia universitaria destacando o enriquecedor que sería contar cunha profesora investigadora con discapacidade para todo o colectivo educativo sobre todo dentro do campo social.

AMIZADE

Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Pontevedra

Rúa Alemaña 23, baixo.
Monte Porreiro.
36162. Pontevedra
Teléfono: 986 845 250
amizade@asociacionamizade.org

www.asociacionamizade.org

www.s-cape.es

Páxina web dunha empresa que organiza e diseña viaxes. Na páxina pódense ver alternativas en handbike para aquelas persoas con mobilidade reducida que dispoñen das mesmas.

SEGUENOS TAMÉN NAS REDES:

https://www.facebook.com/Asociacion.Amizade

https://www.instagram.com/asociacionamizade

https://twitter.com/asocamizade

Non o tires ao chan; usa o contedor azul

Entidades colaboradoras: